

Implica a taxa por servizo de postos, tenderetes, casetas de venda, espectáculos, atraccións situadas en terreo de uso público, industrias na rúa, ambulantes e rodaxe cinematográfica.

**DISPOSICION FINAL**

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día primeiro de xaneiro, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**ORDENANZA FISCAL N.º 7**

Ordenanza reguladora da taxa por ocupación do subsolo, solo e voo na vía pública.

**Artigo 1.º.- Concepto.**

De conformidade co previsto no artigo 58 en relación co artigo 20.3.k ambos da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, segundo a modificación establecida polo artigo 66 da Lei 25/1988, de 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais, locais e de reordenación das prestacións patrimoniais e de carácter público, este Concello establece a taxa por utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais do dominio público local por "ocupacións do subsolo, solo e voo da vía pública".

**DISPOSICION FINAL**

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día primeiro de xaneiro, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Portomarín, a 14 de decembro de 1999.- O Alcalde, Eloy Rodríguez López.

R. 39274000006651

**RIBADEO**

**Anuncio**

De conformidade co previsto no art. 94.2 da LCAP, faise público que polo órgano correspondente deste Concello, adxudicáronse definitivamente as seguintes obras ou servizos.

OBRA: Dotación de servizos rúa de enlace Avda. de Galicia-San Lázaro.

- Presuposto de contrata: 25.274.099 ptas.
- Adxudicatario: Seijo empresa Constructora, S. A.
- Procedemento: Aberto, mediante subhasta.
- Presuposto de adxudicación: 24.970.000 ptas.
- Organo que adxudica: Alcalde-Presidente, por resolución de 7 de outubro de 1999.

OBRA: Modificación da tubería da rede xeral de abastecemento de auga no cruce coa estrada LU-132.

- Presuposto de contrata: 6.282.064 ptas.

- Adxudicatario: Ovidio Villar, S. A.
- Procedemento: Aberto, mediante subhasta.
- Presuposto de adxudicación: 5.900.000 ptas.
- Organo que adxudica: Alcalde-Presidente por resolución de 6 de setembro de 1999.

OBRA: Proxecto e obra de equipamento do Centro Sociocultural, Xuvenil e da 3.ª Idade.

- Presuposto de contrata: 60.000.000 ptas.
- Adxudicatario: Construcciones Coto Ribadeo, S. L.
- Procedemento: Aberto, mediante concurso.
- Presuposto de adxudicación: 60.000.000 ptas.
- Organo que adxudica: Alcalde-Presidente por resolución de 28 de setembro de 1999.

Ribadeo, 15 de decembro de 1999.- O Alcalde, José Carlos Rodríguez Andina.

R. 39274000006630

**Anuncio**

Faise público que, por Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 16-12-1999 e logo da tramitación do correspondente expediente, se acordou declara-las baixas de oficio no padrón municipal de habitantes de Ribadeo de dona Jennifer Anne Smith -Documento de Identidade X1578034G- con domicilio padroal en Trinidad, 17-1.º e de dona María Fátima Martínez Araújo, Documento de Identidade 9.978.238 con domicilio padroal en Rúa da Casa do Povo núm. 12.

O que se comunica ás interesadas a través deste anuncio por se descoñece-lo seu domicilio actual, de acordo co disposto no artigo 59.4 da Lei 30/1992, facéndose constar igualmente que a citada resolución pon fin á vía administrativa e que contra a mesma, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante a sala desta orde do T.S.X.G., no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación. Nembargantes poderá interpoñer, nos termos dos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro modificada pola Lei 4/1999 de 13 de xaneiro, recurso postestativo de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte ó da publicación, contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolvera expresamente, o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime convinte.

Ribadeo, 16 de febreiro de 1999. O Alcalde, José Carlos Rguez. Andina.

R. 39274000006653